



# Manifiesto



# marzo 2010

As confederacións sindicais de **Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores**, ante a celebración do **8 de Marzo, Día Internacional da Muller Traballadora**, reafirmamos o noso compromiso coa eliminación de todas as formas de discriminación contra as mulleres e facemos balance dun ano marcado pola crise económica e os seus nefastos efectos para o emprego, cun incremento alarmante do desemprego — cada vez máis o feminino— e de brechas importantes de desigualdade respecto das prestacións e subsidios por desemprego.

Malia a forte destrución de emprego masculino, as mulleres seguen tendo unha menor taxa de actividade e unha maior taxa de paro que os homes. Son tamén as mulleres, xunto ás persoas novas e inmigrantes, as que soportan a maior precariedade laboral e a desigualdade salarial, percibindo en consecuencia menores contías nas prestacións por desemprego, porque é precisamente a desigualdade laboral o que converte as mulleres en persoas máis vulnerables nunha situación de crise económica.

**UGT e CCOO** estamos traballando activamente na recuperación do diálogo social, ao considerarmos que a reactivación da economía ofrece espazo para cambios e reaxustamentos, pero en ningún caso pode ser un pretexto para ignorar a discriminación ou a desigualdade. Cómpre aplicar un enfoque de xénero que permita combater a desigualdade persistente con medidas orientadas a un emprego de calidade con dereitos e melloras na protección social.

Así mesmo, no actual contexto laboral continuamos impulsando **a negociación de medidas e plans de igualdade no marco da negociación colectiva**, respondendo con contundencia ás alarmas ante a desigualdade, xa que é preciso afianzar e reforzar os dereitos de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes alcanzados ata o de agora.

**CCOO e UGT** valoramos moito os avances normativos que en materia de igualdade se produciron en España. En 2009 aprobábase o RD 295/2009 que desenvolve a Lei de igualdade e polo que se regulan as importantes melloras introducidas na acción protectora da Seguridade Social (prestacións de maternidade, paternidade, risco por embarazo e lactación, excedencias, cotizacións en redución de xornada por coidado de menor, etc.), que supón un avance para a integración laboral das mulleres e para a corresponsabilidade; neste sentido valoramos especialmente a positiva acollida do permiso de paternidade.

Igualmente, **UGT e CCOO** consideramos que a aprobación do *Proxecto de Lei para a interrupción voluntaria do embarazo e saúde reprodutiva* supón un avance no respecto á autonomía das mulleres e o seu dereito a decidir, e confire maiores garantías xurídicas ás mulleres e profesionais.



Mais, a pesar destes avances, a **Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras** queremos manifestar que o obxectivo da igualdade real está aínda lonxe de alcanzarse: son as mulleres as que soportan unha maior precariedade contractual —temporal e a tempo parcial—, un escaso recoñecemento da formación adquirida, desigualdade salarial e maiores dificultades para compatibilizar os tempos de vida e traballo, o que incide de xeito determinante na súa permanencia e promoción laboral.

É imprescindible actuar tanto no ámbito laboral como no social, de xeito que tempos de vida e de traballo sexan compartidos, facendo compatible a vida laboral e persoal de mulleres e homes. Cómpre eliminar os atrancos para a aplicación da Lei de dependencia, tan necesaria para avanzar no logro da autonomía das mulleres e reforzar o investimento público en infraestruturas sociais —no noso país moi afastado da media europea— para educación infantil e atención a persoas dependentes.

É preciso reforzar as políticas de igualdade promovendo os necesarios cambios en valores e actitudes sociais adxudicados a homes e mulleres, que contribúan a unha maior sensibilización e intervención na prevención, tratamento e erradicación de todos os xeitos de violencia contra as mulleres, incluído o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral.

Así mesmo, **CCOO e UGT** seguimos demandando unha maior a participación e representación das mulleres nos distintos ámbitos de decisión públicos e privados, que posibilite unha representación social equilibrada entre mulleres e homes, asegurando especialmente a **presenza de mulleres nos ámbitos de representación e nos procesos da negociación colectiva**, o que reforzará o compromiso sindical coas políticas de igualdade.

No ámbito europeo, **UGT e CCOO** esperamos que a presidencia española da UE no primeiro semestre de 2010 faga visible o seu esforzo e interese por avanzar cara á igualdade laboral entre mulleres e homes, incorporando de forma transversal a perspectiva de xénero nos distintos temas que se aborden. Especial interese ten a avaliación e supervisión dos obxectivos da Plataforma de Beijing, as cuestións relativas á violencia de xénero e a brecha salarial.

Desde a Confederación Europea de Sindicatos estamos participando no **Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**, denunciando a situación de millóns de persoas que viven en situación de risco de pobreza.

Tamén apoiamos activamente as campañas da Confederación Sindical Internacional a prol do **traballo decente, vida decente para as mulleres** e pola igualdade de xénero nas políticas e convenios laborais.

Ante a próxima avaliación por NNUU dos quince anos de aplicación da **Plataforma de Acción de Pequín**, instamos á responsabilidade dos distintos países para reafirmaren e reforzaren os seus compromisos coa eliminación das fortes desigualdades por razón de sexo e as terribles situacións de violencia contra as mulleres que persisten no mundo.

**CCOO e UGT** queremos manifestar o noso apoio e solidariedade coas vítimas do recente terremoto que arrasou Haití, así como o máis contundente rexeitamento aos conflitos armados que persisten no mundo e que tan terribles consecuencias teñen sobre a poboación civil e especialmente nas mulleres.

**As SECRETARÍAS DE IGUALDADE de UGT e DA MULLER de CCOO chamamos á participación de traballadoras e traballadores e de toda a poboación nos distintos actos e manifestacións que se celebran con motivo do 8 DE MARZO, para reiterar o noso compromiso e responsabilidade coa consecución dos avances necesarios para crear unha sociedade máis igualitaria, xusta e democrática..**